



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Orientación ocupacional	Código	652G03021	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A orientación ocupacional, tamén chamada orientación laboral e orientación para o emprego, ten como destinatarias as persoas desempregadas, especialmente as que están nunha situación de vulnerabilidade ou exclusión social. A súa finalidade é a adquisición e/ou mellora dalgúns dos factores persoais implicados na inserción laboral. A orientación ocupacional vincúlase ó desenvolvemento da empregabilidade. A orientación laboral é un dos ámbitos profesionais do/a educador/a social que goza de recoñecemento institucional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Caracteriza-lo desenvolvemento institucional da orientación ocupacional e comprender e valorar a súa inclusión nas políticas de emprego, nos plans e accións para a igualdade e para a inclusión social.	A1		
	A3		
Analiza-lo perfil profesional dos profesionais da orientación ocupacional, identificar as competencias necesarias para o seu desempeño e valorar a importancia e necesidade de formación ó longo da vida.	A1		C7
Identificar o mercado profesional do/a educador/a social no campo da orientación e formación profesional	A1		
Adquirir coñecementos, destrezas e actitudes para a propia inserción profesional			C7
Comprender as implicacións dos cambios producidos no mercado laboral na concepción e praxe da orientación profesional e nos procesos de exclusión laboral.	A5		C4
Adquirir unha actitude reflexiva, crítica e transformadora ante ás problemáticas que atende a orientación ocupacional, analizando e valorando as súas achegas e as súas limitacións na consecución dun emprego e na promoción da xutiza social.	A14		C4
Comprende-la terminoloxía específica e usala axeitadamente		B6	C1
Analiza-las bases teóricas da orientación ocupacional e comprender as implicacións para a súa praxe	A2		
Analizar e deseñar intervencións para a inserción laboral con enfoque de xénero.	A3	B1	
	A6	B4	
	A9		
	A21		
Buscar, seleccionar e almacenar recursos para a praxe da orientación ocupacional utilizando as tecnoloxías dixitais.			C3
Adquirir actitudes e destrezas de indagación que posibiliten o estudo independente e a formación permanente.			C3
			C7
Caracterizar os colectivos en situación de vulnerabilidade e exclusión laboral en relación cos factores ou barreiras que obstaculizan a inserción laboral e valorar as súas implicacións para a acción socioeducativa no ámbito laboral.	A8	B1	C4



Identificar e valora-los posibles usos das tecnoloxías dixitais para as persoas que buscan emprego e para os profesionais da orientación laboral, así como comprender e necesidade de ser profesionais competentes dixitalmente e de promover a competencia dixital entre as persoas destinatarias da orientación ocupacional.	A2		C3
--	----	--	----

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Mercado laboral e formación profesional	1. Mercado laboral 1.1.- Indicadores e fontes para o estudo do Mercado Laboral e da exclusión social 1.2. A situación de desigualdade das mulleres no mercado laboral e mulleres obxecto de discriminación múltiple 1.3. Cambios no emprego e na súa relación coa inclusión social 2. Formación profesional 2.1. Subsistemas, ordenación e oferta 2.2. Acreditación de competencias: finalidade e procedemento
TEMA 2. Delimitación conceptual e bases teóricas da orientación ocupacional	2.1. Orientación Profesional e Orientación Ocupacional: delimitación conceptual, relacións e aclaracións terminolóxicas 2.2. Factores que interveñen nos procesos de inserción e exclusión laboral. 2.3. Modelos de intervención en orientación profesional 2.4. Itinerarios personalizados de inserción e colectivos con especiais dificultades de inserción 3.2. A integración do enfoque de xénero na orientación ocupacional: finalidades e implicacións no deseño de programas e de itinerarios personalizados de inserción.
Tema 3. Áreas de intervención, integración das TICs e recursos para a praxe da OO	3.1. Áreas de intervención: que son e cales son ? 3.3. Internet e web 2.0: ámbitos de utilización na orientación ocupacional 3.4. Recursos para a praxe da orientación ocupacional
Tema 4. Desenvolvemento institucional, situación actual da orientación laboral e perfil profesional dos/as orientadores/as laborais.	1.1. Principais acontecementos e tendencias no desenvolvemento institucional da OP 1.2. A orientación laboral nas políticas de emprego, de igualdade e de inclusión social. 1.3 Perfil profesional do/a orientador/a laboral 1.4. A inserción laboral como ámbito profesional das/os educadoras/es sociais

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A2 A3 A5 A8 C4	20	22	42
Presentación oral	C1	4	1	5
Proba mixta	A2 A8 A9	2	10	12
Simulación	A3 A5 A8 A9 A14 A18 A21 B1 B4 B6 C3 C7	21	40	61
Prácticas a través de TIC	C3	1	2	3
Simulación	B4 B6	6	5	11
Sesión maxistral	A1 A2	14	0	14
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	A análise de fontes documentais afonda nas dimensións teóricas e legais dalgunhas das temáticas do programa e no coñecemento de experiencias de inserción laboral. Na análise das fontes documentais hai unha parte de traballo individual, que se realiza fóra da aula, e unha parte de análise a nivel grupal que se realiza nas aulas interactivas. As fontes analizadas van ser utilizadas, principalmente, na elaboración da fundamentación teórica da actividade de simulación.
Presentación oral	Consiste na defensa e presentación da actividade de simulación
Proba mixta	Está orientada á avaliación das aprendizaxes relacionadas co saber e saber facer. Consta de cinco preguntas, catro sobre os contidos teóricos e unha sobre a actividade de simulación.
Simulación	Consiste no deseño de actuacións para a inserción laboral requeridas nunha convocatoria pública simulada. Esta actividade realízase conxuntamente coa materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables. Con esta metodoloxía promóvese unha aprendizaxe significativa, funcional, autónoma e colaborativa, así como a integración das aprendizaxes das dúas materias. Esta actividade realízase baixo a supervisión e seguimento das profesoras das dúas materias. É unha actividade grupal (mínimo de catro e máximo de seis persoas).
Prácticas a través de TIC	Trátase da construción dun marcador social para a recompilación de recursos para a praxe da orientación ocupacional e para obter información útil de cara a futura inserción profesional. É unha actividade grupal que se realiza ó longo do cuadrimestre.
Simulación	Trátase do desenvolvemento nas aulas interactivas dunha das actividades do programa de orientación ocupacional do PAS
Sesión maxistral	O método expositivo vai ser utilizado para presentar, explicar e sintetizar os contidos de cada un dos temas do programa.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Simulación	A atención personalizada ten como finalidades a supervisión e seguimento das actividades de solución de problemas e de simulación. Nesta última é obrigatoria a asistencia a tres sesións de tutoría conxuntas coa materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Simulación	A3 A5 A8 A9 A14 A18 A21 B1 B4 B6 C3 C7	<p>Actividade grupal. Consiste no deseño de actuacións para a inserción laboral requeridas nunha convocatoria pública simulada. Esta actividade realízase conxuntamente coa materia de Acción Socioeducativa con Minorías e Colectivos Vulnerables. A súa finalidade é promover a aprendizaxe autónoma e colaborativa baixo a tutela e seguimento da profesora.</p> <p>Criterios de avaliación:</p> <p>a) Integración na fundamentación teórica das temáticas abordadas na análise documental (xustificación no marco institucional ( plans para a igualdade, de inclusión social, etc. ) no que se inscribe o PAS, carácter estrutural da exclusión laboral, o por que, para que e como da integración da perspectiva de xénero, marco institucional no que se inscribe o PAS, factores que dificultan a inserción laboral en colectivos en situación de vulnerabilidade e exclusión social e presenza no colectivo ó que se destina o PAS e caracterización, fases e accións do IPI).</p> <p>b) Accións para a inserción laboral: cobertura en relación cos factores que están a obstaculizar a integración laboral, integración da perspectiva de xénero, formulación de obxectivos e contidos, coherencia entre obxectivos, metodoloxía, actividades e avaliación, sinerxia entre as accións e nivel de desenvolvemento das actividades.</p> <p>c) Aspectos formais: calidade lingüística, utilización da lingua galega, presentación (índice, paxinación, marxes, utilización das normas APA)</p> <p>d) capacidade de análise, síntese, integración e transmisión da información procedente das dúas materias.</p>	35
Proba mixta	A2 A8 A9	Integrará preguntas de resposta breve e de resolución de casos prácticos relacionados cos estudos de caso ou coa actividade de simulación.	45
Prácticas a través de TIC	C3	Con esta actividade desenvólvense competencias dixitais da área de información (buscar, seleccionar, etiquetar e almacenar). Trátase de crear un marcador social no que se recompilen recursos dixitais de interese para a futura inserción laboral do estudiantado e para a praxe da orientación ocupacional.	5
Simulación	B4 B6	Trátase de que o alumnado desenvolva nas aulas interactivas unha das actividades do programa de orientación que se elabore para o PAS.	15

### Observacións avaliación



Requisito para superar a materia Para superar a materia é imprescindible obter a metade da cualificación outorgada á proba mixta e á actividade de simulación.

Convocatoria de xullo Na

convocatoria de xullo só se valora a proba mixta que incrementa o seu valor até

10.

Avaliación das actividades grupais As actividades grupais van ser obxecto de autoavaliación e coavaliación. Os resultados desta última vai reflectirse na cualificación individual.

Actividades optativas Coa realización de

actividades optativas poden obterse até dous puntos. Para poder

realizar estas actividades o alumnado debe de comunicar, a máis tardar na última semana de setembro, as actividades que vai realizar.

As actividades optativas teñen como finalidade o coñecemento do

mercado profesional no ámbito da inserción laboral, o coñecemento das

opcións de formación o rematar os estudos de Educación Social e a reflexión sobre as competencias que posúe e as necesidades de formación.

Modalidade de avaliación para as persoas que non podan asistir as aulas As persoas que, por razóns debidamente acreditadas, non asistan ó 85% das aulas, poden acollerse a unha modalidade

de avaliación específica. Para optar esta modalidade hai que contactar coa profesora, a máis tardar o 18 de setembro ou cando se produza a circunstancia que impida a asistencia ás aulas, para concretar as actividades de avaliación e o proceso de

supervisión e seguimento. Neste caso, o alumnado, a maiores das actividades acordadas, ten que realizar un informe sobre as aprendizaxes e competencias desenvolvidas.

FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse, o uso de texto literal ou ideas doutros autores ou autoras parafraseadas sen

declarar a fonte supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo

14.4 da Normativa académica de avaliacións, cualificacións e

reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de

2013, que establece "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non

orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación

expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a,

poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade".

Os contidos incluídos nos traballos deben estar

referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as

normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas

APA 6ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas

que se re-elaboran.

Plaxio

O plaxio en calquera das actividades da avaliación será motivo de suspenso.

Falsificar unha sinatura

Asinar na folia de asistencia por unha compañeira ou compañeiro ausente será penalizado coa perda de avaliación continua.

Copiar nos exames

O uso indebido de información durante os exames tamén será motivo de suspenso.



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Echeverría, Benito (coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC</li> <li>- Manzano, Nuria (2011). Orientación laboral con jóvenes en riesgo de exclusión social. Madrid: Editorial Sanz y Torres</li> <li>- Mc Carthy, J. (2016). La orientación profesional y las habilidades para la gestión de la carrera. Una perspectiva internacional. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</li> <li>- Mc Carthy, J. (2016). la dimensión de servicio público de la orientación . España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</li> <li>- Pérez Boulosa, A. (2009). Orientación para la inserción profesional: estrategias y recursos. Madrid: Biblioteca Nueva</li> <li>- Sánchez García, María Fe (2014). Estrategias para la inserción laboral y el autoempleo. Madrid: UNED</li> <li>- Sánchez García , Mª Fe (2014). Orientación inclusiva, diversidad y factores de riesgo. Madrid: UNED</li> <li>- Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2016). El modelo de orientación profesional en cuestión. Revisión de sus referentes teórico-prácticos. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</li> <li>- Sultana, Robert (2016). La movilización de los servicios de orientación profesional en torno a una agenda de justicia social: una prioridad para todos.. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</li> <li>- ( ) . .</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	Para cada tema recomendárase bibliografía e webgrafía específicas, diferenciando as que van ser obxecto de análise documental (de lectura obrigatoria) e a de afondamento.

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables/652G03022

Métodos de avaliación de programas/652G03023

Orientación e políticas de emprego/652G03031

#### Materias que continúan o temario

Orientación e políticas de emprego/652G03031

### Observacións

A materia optativa Orientación e políticas de emprego aporta coñecementos necesarios para traballar no ámbito da inserción laboral; medidas e políticas de emprego; caracterización do mercado laboral e entramado institucional; europeo, estatal e galego con competencias; no ámbito do emprego e da formación. Esta materia ademais de aportar coñecementos profesionais axuda a facer unha lectura comprensiva e crítica sobre o mercado laboral; e sobre as políticas que se están aplicando e as súas consecuencias; en termos de inequidade social ou de incremento das desigualdades sociais.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías